Exercicios de autoavaliación

Unidade 4

1. Que é o Renacemento?
2. Que é o antropocentrismo?
3. Que é o Humanismo?
4. Que etapas se poden establecer no Renacemento?
5. Que autores destacan na lírica renacentista?
6. Que trazos se poden establecer na épica renacentista?
7. Que obras épicas destacan no Renacemento?
8. Que autores e obras en prosa didáctica destacan?
9. Que famosa prosa de ficción renacentista ten un claro propósito burlesco?
10. Que dous países destacan no xénero dramático durante esta época?

Solucións aos exercicios de autoavaliación da unidade 4

1. É un profundo movemento cultural que, paralelo á constitución dos Estados Modernos e á economía mercantil, se estende por Europa nos séculos XV e XVI. Supón o fin do teocentrismo e do xeocentrismo medievais e unha nova mirada baseada no antropocentrismo e o humanismo.

2. É a consideración de que o ser humano é o centro das reflexións e preocupacións, a diferenza da Idade Media que tivo a Deus como eixo da actividade intelectual (teocentrismo).

3. É o gran movemento intelectual do Renacemento caracterizado polo rexeitamento dos esquemas e formas medievais de coñecemento e polo reencontro deliberado e entusiasta coa antigüidade clásica, que postula o ser humano como centro do universo e, polo tanto, da cultura e da arte.

4. Prerrenacemento (século XV, con centro en Florencia), Renacemento (primeira metade do século XVI, con centro en Roma) e Manierismo (segunda metade do século XVI, con centro principal en Venecia).

5. Destaca a influencia do petrarquismo. En Italia figuran Bembo e Poliziano. En Francia, o grupo da *Pleiàde*, con autores tan importantes como Ronsard, Joachim du Bellay, etc. En Portugal Gil Vicente, Sá de Miranda e António Ferreira. En Inglaterra, máis serodia, Edmund Spencer e Philip Sidney. En Alemaña, que estará moi condicionada pola reforma luterana, Hans Sachs.

6. A épica renacentista non é un xénero popular, senón culto e de autor coñecido. A métrica máis habitual é a oitava real. A temática pode ter como base ou inspiración o mundo clásico, aventuras ou feitos contemporáneos propios do expansionismo colonial, ou fazañas medievais situadas en contextos relixiosos ou afastados.

7. Destacan: *Franzíada* de Ronsard, *Os Lusíadas* de Camóens ou *La Araucana* de Ercilla, a *Xerusalén liberada* de Tasso ou *Orlando furioso* de Ariosto.

8. Maquiavelo con *O príncipe,* Tomás Moro con *Utopía*, Erasmo de Rotterdam con *Eloxio da Loucura*, Baltasar de Castiglione con *O cortesán* e Montaigne con *Ensaios.*

9. *Gargantúa e Pantagruel* de François Rabelais.

10. Italia, coa *Comedia dell´Arte* e Inglaterra, co teatro isabelino.